

A continuación infórmase dos acordos da reunión en sesión ordinaria do Consello de Goberno, que tivo lugar o día 11 de marzo de 2022 na Sala 18 do Campus Remoto da Universidade de Vigo, que poden ser do seu interese:

- * Aprobación da acta correspondente á sesión ordinaria do 01 de febreiro de 2022.
- * Adhesión ao Plan Antifraude da Universidade de Vigo.
- * Aprobación da modificación do artigo 16 do Regulamento de réxime interno do Consello de Goberno.
- * Aprobación do calendario académico da Universidade de Vigo para o curso 2022/23.
- * Ratificación do acordo sobre complementos retributivos do persoal laboral acadado na Mesa de Negociación do PDI da Universidade de Vigo.
- * Acordo sobre a interpretación do concepto de “estudante de novo ingreso ao título de grao” no apartado A.1.1 do Anexo I dos Criterios de elaboración da PDA para o curso 2022/23.
- * Aprobación das declaracións de interese de modificación/verificación de títulos de grao, mestrado e doutoramento.
- * Aprobación da equivalencia dos cargos correspondentes a Centros de Investigación Interuniversitarios.
- * Aprobación dos criterios de avaliación da produción de investigación para o ano 2022.
- * Aprobación dos criterios de avaliación da produción de transferencia para o ano 2022.
- * Aprobación das tarifas de servizos do CINTECX para o ano 2022.
- * Aprobación da adhesión de Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo á Confederación de Decanos e Decanas das Facultades de Turismo.
- * Aprobación da proposta de prezos para os complexos residenciais da Universidade de Vigo para o curso 2022/2023.
- * Aprobación do acordo das Universidades públicas do SUG sobre os procedementos de admisión aos estudos universitarios oficiais de grao para o curso 2022/23.
- * Nomeamento en substitución dun membro da comisión de permanencia e progreso no sector de PDI: Ángeles Peña Gallego.
- * Foron elixidos dous membros, polo sector de PDI, das seguintes comisións delegadas do Consello de Goberno:
 - Extensión Universitaria e Estudiantes: María Montserrat Cruz González
 - Investigación : José Francisco Asís Montero Reguera.

O secretario xeral

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte á publicación da presente resolución, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.